

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA O DESENVOLVEMENTO DO III SALÓN DO DEPORTE E TURISMO ACTIVO DE GALICIA NO RECINTO FEIRAL E DEPORTIVO DE EXPOURENSE EN OURENSE

En Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

R E U N I D O S

Don _____, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don _____, en calidade de vicepresidente executivo da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, en diante Expourense, representante legal de acordo cos estatutos da Fundación Feiras e Exposición de Ourense.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

E X P O Ñ E N

Primeira.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.



Segunda.- Pola súa parte, o artigo 9 da mesma norma establece que as competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral, e o seu artigo 6 recolle que, para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

Terceira.- Así mesmo, o Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, determina que a Secretaría Xeral para o Deporte é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes, sen prexuízo das demais competencias que teña legal ou regulamentariamente atribuídas.

Cuarta.- O Recinto Feiral de Expourense foi aberto en 1996, despois de que a Fundación que o impulsou se constituíra o 24 de decembro de 1992. Os patróns e socios fundadores foron a Xunta de Galicia (Consellería de Industria e Comercio), Concello de Ourense, INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico), Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense e a Confederación de Empresarios de Ourense. Con data do 1 de xuño de 2001 incorporouse Caixanova (agora ABANCA), o 1 de xaneiro de 2003 o Concello de San Cibrao das Viñas, e o 1 de xaneiro de 2006, o de Barbadás. Con data do 1 de xaneiro de 2015 incorporouse a Deputación Provincial de Ourense.

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense foi clasificada pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública por Orde do 23 de febreiro de 1993, (DOG num. 44, do 5 de marzo) como benéfico-privada de carácter mixto, adscribíndoa á entón Consellería de Industria e Comercio (actualmente Consellería de Economía, Emprego e Industria), e foi declarada de interese galego pola Orde do 16 de marzo de 1993 (DOG num. 64, do 5 de abril), inscribíndose no Rexistro Único de Fundacións co número 1993/8.



Quinta.- En reunión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2014, o padroado da Fundación Expourense acordou a modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos da Fundación para incluír especificamente a organización de eventos deportivos e certames que poñan en valor o deporte. Así, no artigo 6 dos estatutos no que se recolle o obxecto e fins da Fundación, establécese que son fins da mesma a promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras (...) deportivas en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local(...).

Sexta.- A instalación dunha pista de atletismo cuberta na cidade de Ourense, no recinto feiral de Expourense ven a reforzar este novo fin da Fundación e para elo nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2016, reservouse unha concreta partida orzamentaria para esta actuación, a cal ten por motivación e obxectivo mellorar a dotación de infraestruturas deportivas tanto da propia cidade como de toda a Comunidade Autónoma, servindo tamén para dar maior satisfacción á crecente demanda social existente na modalidade deportiva do atletismo, e das súas respectivas especialidades deportivas.

Sétima.- Por outra banda, a Secretaría Xeral para o Deporte está interesada na organización desta feira que combina o binomio turismo-deporte na que os obxectivos principais son os de promocionar Galicia como destino activo e saudable acercando a actividade física e o deporte a todos os ámbitos da sociedade e servindo de escaparate para as federacións e entidades deportivas da comunidade autónoma. Neste sentido, a organización dun proxecto deportivo de certa relevancia é unha das mellores ferramentas das que dispoñen os seus promotores para o fomento do deporte e, como consecuencia, incrementar o número de seguidores e practicantes.

Oitava.- SPORTUR é o III Salón do Deporte e Turismo Activo de Galicia, destinado a deportistas e aficionados. Neste evento os visitantes atoparán un lugar onde contactar co deporte en todas as súas facetas. Os expositores poderán promover os seus recursos vinculados ao turismo activo e deportivo, así como xerar novas oportunidades de negocio ao tempo que dan a coñecer os seus produtos ante un público obxectivo. Nesta edición amplíase o contido coa celebración do I Congreso Ibérico de Turismo Deportivo.



Este evento terá lugar do 14 ao 16 de novembro de 2019 no Recinto Feiral de Expourense e a súa posta en marcha xestionarase cos efectivos da Fundación Expourense contando co financiamento da Secretaría Xeral para o Deporte interesada no fomento dun estilo de vida saudable mediante a actividade física e a práctica do deporte.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e Expourense, por medio da Vicepresidencia Primeira Executiva do seu Padroado, deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto do presente convenio establecer o réxime de coordinación entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para o desenvolvemento do proxecto “SPORTUR Galicia, Salón do Deporte e Turismo Activo”.

O obxectivo principal desta actuación é a creación dun espazo onde os visitantes atopen un lugar onde contactar co deporte en todas as súas facetas e os expositores poidan promover os seus recursos vinculados ao turismo activo e deportivo.

As actuacións obxecto deste convenio desenvolveranse do 14 ao 16 de novembro de 2019 no recinto feiral e deportivo de Expourense.

SEGUNDA: ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a **setenta mil euros (70.000,00 €)**, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Orzamento
Montaxe	35.000,00 €
Publicidade	14.000,00 €
Imprenta	5.000,00€
Servizos diversos	6.000,00€
Gastos congreso	10.000,00

Deste orzamento, a Secretaría Xeral para o Deporte financiará a contía de cincuenta mil euros (50.000,00 €) e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense de vinte mil euros (20.000,00 €).

A Secretaría Xeral para o Deporte procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.640.0 do seu orzamento de gastos para o ano 2019, a favor da Fundación Expourense, unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago, así como unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio e as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas. En ningún caso as variacións incrementarán a contía total do financiamento e no caso de que haxa baixas esta se prorrateará en función das achegas de cada unha das partes.

TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

A Fundación Expourense queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar tódalas actividades precisas para que a feira deportiva se desenvolva correctamente comprometéndose a:



1) Realización do III Salón do Deporte e Turismo Activo de Galicia no que se levarán a cabo as seguintes actividades:

a) Nos días 14 e 15 de novembro celebrarase o I Congreso Ibérico de Turismo Deportivo.

Os contidos previstos para este congreso divídense nos seguintes bloques:

B1: Políticas públicas

B2: Turismo activo: Lexislación

Titulacións

Novas tendencias

B3: Eventos deportivos: Casos de éxito en cidades

Casos de éxito en zonas rurais

Marketing e impacto económico

B4: Turismo náutico

B5: Turismo deportivo e desenvolvemento local

B6: Sector turístico: hoteis e turistas

B7: Formación e investigación

b) Durante todos os días da realización do evento **actividades permanentes** entre as que se atopan:

Exhibición e participación de Pentatlón moderno-Laser Run: Organiza a Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno.

Simulador de Tiro Virtual: Organiza a Federación Galega de Caza.

Exhibición e participación de Tiro con Arco: Organiza a Federación Galega de Caza.

Simulador de Béisbol: Organiza a Federación Galega de Béisbol e Sófbol.

Actividade aberta de Subida en Vertical: Organiza a Federación Galega de Espeleoloxía.

Simuladores para a práctica de Kayak e de Canoa: Organiza a Federación Galega de Piragüismo.

Simulador de navegación en Optimist: Organiza a Federación Galega de Vela

Simulador de remo: Organiza a Federación Galega de Remo

Hábitos de vida saudable: Organiza a Universidade de Vigo

Adestramentos avanzados de Ximnasia Rítmica: Organiza Club Maruxia

- “Xogando ó Atletismo” organizado pola Federación Galega de Atletismo

Por outra banda están previstas actividades que se celebran durante os días da feira que se calendarizan da seguinte forma:

Venres 15 de novembro

De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas: Rocódromo que organiza a Federación Galega de Montañismo.

De 10:30 a 13:00 horas: Beneficios da práctica regular de Marcha Nórdica e a súa técnica (Mater Class e marcha de 5 kms). Imparte: unha licenciada en psicoloxía e instrutora especializada do Clube ASESOU.

De 10.00 a 13.00 horas: Workshop Agencias de Turismo Activo con empresas de Galicia

Sábado 16 de novembro

De 09:00 a 12:30 e de 14:00 a 19:30 horas: Campionato Galego de Escalada en Bloque 2019 que organiza a Federación Galega de Montañismo.

De 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 20:00 horas: Torneo Esgrima Antiga Cidade das Burgas-Sportur que organiza a Asociación Ourenzá de Esgrima Antiga-AOUREA.

De 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 20:00 horas: II Torneo Sportur de Kung-Fu (infantil e xuvenil) que organiza o Gimnasio Fitness Forma (Ourense)

De 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 20:00 horas: II Torneo Sportur de Kickboxing que organiza a Fundación Cipri Gomes.

De 16:00 a 20:00 horas: XI Festival de Xadrez "Sportur" que organiza: Club Xadrez Ourense.

OUTRAS ACTIVIDADES

Campionato Gallego de Kickboxing da Federación Galega de Kickboxing. (Sábado)



Campionato de Kung-Fu da Federación Galega de Kung-Fu e Ximnasio Fitness Forma
(Sábado)

Campionato de Halterofilia.

Campionato de Ximnasia. Maruxia. Sábado

Exhibicións de: Club Voleibol Ourense

Club de Hockey Albor

Roller Derby Ourense

- 2) Entregar á Secretaría Xeral para o Deporte unha memoria das actividades realizadas.
- 3) Facer constar a cooperación da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír facendo constar, de forma clara e visible os logotipos e símbolos institucionais da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte.
- 4) O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

- 5) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos anos seguintes.



6) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Secretaría Xeral para o Deporte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

7) Contar con todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización do evento.

8) Contar cos seguros de responsabilidade civil e asistencia sanitaria esixibles de acordo cos artigos, 22 e 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e a Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Pola súa parte a Secretaría Xeral para o Deporte comprométese a colaborar na organización e financiamento do evento na contía de **cincuenta mil euros (50.000,00 €)**, IVE incluído.

CUARTA: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 30 de decembro de 2019.

A denuncia, que poderá ser instada por calquera das dúas partes, requirirá o acordo previo do órgano competente que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula sexta, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio será causa suficiente para a súa denuncia.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, son causas de resolución do presente convenio:



- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

QUINTA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.
- 2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

SEXTA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, así como para a posible resolución de desavinzas que poidan xurdir, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Secretaría Xeral para o Deporte non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía establecida na cláusula segunda.



SÉTIMA.- REXISTROS PÚBLICOS

De acordo co establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes obxecto deste convenio no rexistro público citado

Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

OITAVA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Para a confección e tramitación deste convenio observáronse as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asíñase este convenio de cooperación no lugar e data indicados.

O secretario xeral para o Deporte

O vicepresidente executivo de EXPOURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



ANEXO I

LOGOS INSTITUCIONAIS QUE DEBEN FIGURAR EN TODA A PUBLICIDADE

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

GALICIA (TURISMO)



Xacobeo 2021